

FEITOS ACCIDENTAIS

No momento do impacto, a muller saíu despedida do vehículo, quedando tirada enriba da estrada. Para sorpresa de todos os presentes caeu inerte, o que causou a súa gran preocupación. Se houbera unha fotografía dese momento plasmada na realidade, seguramente podería anexionarse a calquera programa de comedia, debido á cara de incredulidade de todos os presentes.

O condutor perdeu a noción do tempo por un momento, pero espertou completamente ileso e decidiu saír do coche para ver se a muller estaba ben. O seu traballo era moi pesado e xa estaba canso, o día ía enriba del e xa non podía soportar máis feitos deste tipo.

Acercouse a ela, e para a súa sorpresa, a muller ergueuse espléndida, botoulle un magnífico sorriso e comezou a camiñar lentamente... así volveu a meterse no ataúde.

O condutor do coche fúnebre quedou totalmente paralizado.

HOME LOBO

O home lobo viaxou por todo o mundo en busca de algún medicamento ou cura para as súas terribles transformacións. Era arrepiante a maneira en que cada noite de lúa chea debía transformarse. Estaba canso de que lle tiveran medo. A soidade facía que o seu corazón se fixera máis pequeno pouco a pouco. A melancolía invadía cada recuncho do seu corpo.

Despois de tantos anos buscando, atopou a un grupo de médicos que puideron dálle unha cura para o seu mal. Estaba farto de converterse nunha criatura atroz, grotesca, violenta, fatídica, horripilante.

Cando espertou do procedemento feito polos médicos a súa felicidade era inmensurable. Desta forma puido ir vivir tranquilo ao bosque.

Xa non volvería a converterse nun humano.

DOR DE NAI

Meu fillo morreu nunha masacre no seu instituto. Un atentado contra a integridade de todos os alumnos, que me arrebatou o que máis amaba.

Cando cheguei ao seu instituto, abracei o seu cadáver cos ollos cheos de bágoas, a melancolía era infinita. Parecíame imposible como o que máis quería podería desaparecer desta forma, quitáranme a miña única razón para vivir, os meus alentos e a miña esperanza. A dor recorría as miñas costas. Impertérrita, inefable, infinita.

Despois duns minutos, puiden encarar ao seu asasino, a carraxe reflectíase nas miñas meniñas, efémera, pero intensa, e parecía que as sensacións chegaban ata aquel home. El emitiu unhas palabras que quedarían gravadas na miña mente como pegadas de lume.

- Síntoo moito, señor, pero o seu fillo negouse a soltar a escopeta, e xa matara a varios alumnos.

Explicou o oficial, cun recendo que mesturaba mágoa e orgullo na súa mirada.